

Este arquivo é unha presentación en pdf interactiva.


Mediante a botoeira situada na esquina superior dereita poderá avanzar, retroceder páxina e volver ao inicio.

Para saír da presentación prema a tecla "**esc**".

Para comezar, prema **aquí**.

19 MARATÓN FOTOGRAFICO DO CAMPUS

19 MARATÓN FOTOGRAFÍCO DO CAMPUS



—
9
outubro
2013

CONCELLO DE LUGO

Sr. D. Xosé Clemente López Orozco
Excmo. Sr. Alcalde do Concello de Lugo

Sra. Dna. Carmen Basadre Vázquez
Concelleira de Cultura, Turismo, Xuventude
e Promoción da Lingua

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

Sr. D. Antonio Veiga Outeiro
Vicepresidente da Deputación de Lugo

Sr. D. Mario Outeiro Iglesias
Deputado da Área de Cultura e Turismo

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Sr. D. Juan J. Casares Long
Reitor Magfco. da Universidade de Santiago de Compostela

Sr. D. Pedro García Herradón
Vicerreitor de Coordinación e Planificación do campus de Lugo

Sr. D. Francisco Ramón Durán Villa
Vicerreitor de Estudantes, Cultura e Formación Continua

EXPOSICIÓN

Coordinación
Vicerreitoría de Estudantes, Cultura e Formación Continua

Montaxe
Electrocalgas

Comisario
Eduardo Ochoa

CATÁLOGO

Coordinación
Vicerreitoría de Estudantes, Cultura e Formación Continua

Foto contraportada
Ivo Manuel Teixeira Alves

Deseño e maquetación
ta ta ta

Depósito legal
LU 156-2013

CRÉDITOS

© Da edición, Lugo Cultural
© Dos textos, os seus autores
© Das fotos, os autores

O certame

Esta iniciativa, que se vén celebrando dende hai dezanove anos coa colaboración do Grupo Cinematográfico FONMIÑÁ, configura unha das actividades máis consolidadas e con maior éxito das que se promoven actualmente dende Lugo Cultural. Fotógrafos máis ou menos profesionais ou afeccionados de dentro e fóra da comunidade universitaria, participan habitualmente desta iniciativa que os leva a buscar durante unha xornada a imaxe que mellor resume os temas propostos pola organización.

A convocatoria nesta edición foi un éxito de participación, contando cunha inscrición inicial de 78 persoas das que finalmente participaron 73 que presentaron a concurso un total de 189 fotografías, 6 na modalidade analóxica e 183 na dixital, o que supuxo un incremento importante respecto ao número de participantes da pasada edición.

O Maratón desenvolveuse durante a xornada do día 9 de outubro, sendo os temas propostos *A UNIVERSIDADE EN LUGO* e *O SAN FROILÁN*, ademais do tema LIBRE tal e como se contempla nas bases:

Os premiados

Logo de valorar a calidade e orixinalidade de todos os traballos presentados, o xurado decidiu outorgarlle:

O premio á mellor fotografía do tema

A UNIVERSIDADE EN LUGO a

Ivo Manuel Teixeira Alves pola fotografía **A clave**

O premio á mellor fotografía do tema *O SAN FROILÁN*

a **Óscar Abelleira Ferreirós** pola fotografía **Movemento**

O premio á mellor fotografía do tema *LIBRE* a

Víctor Caballero Moja pola fotografía *A vida pasa*

O premio *CARLOS VALCÁRCEL* á mellor colección a

Roberto Mouriz Lamas polas fotografías,

Construíndo futuro

Tempo de lecer

Splash!!

Á vista da calidade dos traballos, o xurado decidiu conceder tamén:

Un accésit a **Roberto Mouriz Lamas**

pola fotografía *Construíndo futuro* do tema

A UNIVERSIDADE EN LUGO

Un accésit a **Iago Anello Fórneas**

pola fotografía *O vixía* do tema *LIBRE*

Exposición dos traballos

Na exposición dos traballos presentados a esta 19 edición do Maratón, figuran tódolos galardoados e unha fotografía por cada autor participante. No acto de inauguración desta exposición, na Sala Isaac Díaz Pardo da Facultade de Veterinaria, os representantes de Lugo Cultural, Eduardo Ochoa do grupo Fonmiñá e o fotógrafo lucense Carlos Valcárcel, cuxo nome leva o premio á mellor colección, son os encargados de facer pública a decisión do xurado e de entregarlles os premios e diplomas aos participantes.

O catálogo

Este catálogo, que dende a pasada edición se edita en formato dixital, recolle, ademais dos traballos premiados, unha selección representativa das fotografías presentadas ao certame organizadas por temas.

BASES

1. Poderán participar todas aquelas persoas maiores de 18 anos que o desexen.
2. Prazo de inscricións dende o 19 de setembro ata as 14:00 h do día 2 de outubro de 2013.
3. A data de celebración será o 9 de outubro. Os participantes presentaranse o dito día ás 10:00 h na Vicerreitoría de Coordinación e Planificación do Campus de Lugo, onde se procederá á: lectura dos temas, entrega de carretes ou CD (segundo modalidade) e ficha para que poidan presentar co título das fotografías e frases para incluír no catálogo, segundo se indica no punto 5.3. Ademais farase unha fotografía con todos os participantes co obxecto de incluíla no catálogo que se edite.
4. Cada participante poderá presentarse só nunha das dúas modalidades: dixital ou analóxica. Independentemente da modalidade, participarase obrigatoriamente en tres temas dos que 2 serán propostos pola organización e o terceiro será libre, debendo entregar 1 única fotografía por cada tema. As fotografías poderán ser realizadas en branco e negro ou en cor.
5. Entrega e selección das fotografías que se presentarán ao certame:

5.1 MODALIDADE ANALÓXICA:

- 5.1.1 O 10 de outubro ata as 14:00 h: Entrega de carrete.
- 5.1.2 O 17 de outubro en horario de 10:00 a 13:00 h: Os participantes deberán elixir

as fotografías que queren presentar ao certame, a través da folla de contacto que lles facilitará a organización.

5.2 MODALIDADE DIXITAL:

- 5.2.1 O 10 de outubro ata as 14:00 h: Entrega do CD.
- 5.2.2 No CD gravaranse as fotos en .jpg, con un máximo de 3.543X2.362 píxeles a 200 ppp. Cada fotografía arquivarase co nome do tema ao que corresponde.

5.3 EN ÁMBOS DOUS CASOS:

O autor **PODERÁ** cubrir a ficha facilitada pola organización, cos títulos que decida darlle a cada fotografía e/ou, no seu caso, a frase correspondente para incluír no catálogo (20 palabras máximo, en galego).

6. As fotografías presentadas polos participantes, serán reveladas pola organización para a súa posterior valoración polo xurado.

7. PREMIOS*:

- Premio á mellor fotografía de cada tema, dotado cada un con: 250 euros e trofeo por tema.
- Premio Carlos Valcárcel, á mellor colección presentada, dotado con: 400 euros e trofeo.

8. A organización resérvase o dereito de facer a selección das fotografías que considere, co fin de expoñelas ao público no lugar e datas que se decida e, se é o caso, de editar en catálogo.

9. O lugar e data do fallo e da entrega de premios, será comunicado oportunamente.

10. O xurado encargado de fallar os premios será nomeado polos organizadores.

11. As fotografías premiadas quedarán en posesión da Universidade de Santiago de Compostela que poderá facer uso delas para os fins que estime oportunos, sempre facendo referencia a autoría das mesmas. Calquera incidencia non prevista nestas bases, será resolta pola organización. O feito de participar neste Maratón Fotográfico supón a total aceptación das presentes bases.

*Os premios en metálico estarán sometidos ás retencións fiscais legalmente establecidas.

O Maratón Fotográfico do Campus de Lugo, certame nado no seo da Universidade pero de sempre aberto á sociedade e á participación de todos os lucenses, tense convertido dende fai xa dezanove anos nunha cita de referencia no outono para a cidade. A fotografía fai posible plasmar nun documento instantes, persoas, vivencias, situacións e incluso lembranzas, a través dunha mestura harmónica entre a arte e a técnica. Na última década a fotografía evolucionou considerablemente dende o punto de vista tecnolóxico, facilitando a xeneralización do uso de dispositivos moi avanzados que permiten que cada persoa sexa un artista potencial.

Xentes de aquí e acolá responden ano tras ano ao convite do Maratón Fotográfico, que actúa como un escaparate do campus de Lugo e da propia cidade, permitindo afondar nas ligazóns entre estas dúas realidades que hoxe xa son inseparables.

O Maratón Fotográfico do Campus de Lugo avanza con paso firme cara a súa madurez, como un certame que cada vez recibe cada ano traballos de máis calidade e tamén gaña en número de participantes e recoñecemento social.

Esta exitosa travesía sería imposible sen as achegas do Concello e a Área de Cultura da Deputación de Lugo a través do convenio Lugo Cultural, no que se fai visible o compromiso de ambas institucións co campus de Lugo da Universidade de Santiago. Cómpre tamén recoñecer a contribución do persoal da Área de Cultura da USC, e do desinteresado apoio e a aportación profesional prestada polos fotógrafos lucenses Eduardo Ochoa, do Grupo Fonmiñá, e Carlos Valcárcel, un referente na fotografía luguesa e galega. Finalmente teño que agradecer a dedicación e o entusiasmo de todos e cada un dos participantes, independentemente de que fosen ou non galardoados.

Pedro García Herradón

Vicerreitor de Coordinación e Planificación do campus de Lugo

Cada ano que pasa queda máis claro que o Maratón Fotográfico do Campus Lucense é unha das máis valiosas iniciativas culturais de Lugo. O éxito da convocatoria deste XIX Maratón, no que a participación aumentou notablemente con respecto ó ano pasado, é un motivo de satisfacción para nós, tanto polo número dos participantes como pola calidade das obras presentadas.

E tamén nos satisfai especialmente que, á parte do tema libre de sempre, neste ano fosen temas propostos específicos a Universidade en Lugo e mais o San Froilán.

A Universidade é certamente un dos alicerces fundamentais da nosa cidade tal como é hoxe, e dende logo unha das columnas principais do Lugo do futuro; polo tanto, é ben natural que se constituíse en tema de fotografía, desas fotografías que gardarán a memoria do noso campus para as historias que se escriban de aquí a cen anos.

E por outra banda, o San Froilán é coma unha bandeira da tradición, dunha tradición secular que se actualiza e moderniza ano tras ano, en cada edición das nosas festas, unhas festas que espallan por distantes xeografía o nome de Lugo como o dunha cidade acolledora e divertida onde é gozoso vivir, aínda que sexa por poucos días para as persoas que nos visitan con esa ocasión, ou con ese pretexto.

Quero felicitar moi cordialmente non só as persoas premiadas neste maratón fotográfico, senón a todas as que o fixeron posible co seu traballo e a súa participación. É verdade que este é un certame modesto en canto á dotación dos premios, pero é un grande certame en todos os outros aspectos.

Carmen Basadre Vázquez

Concelleira de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua

Para a Área de Cultura da Deputación de Lugo colaborar na publicación deste catálogo do XIX Maratón Fotográfico do Campus, que organiza a USC, no marco de Lugo Cultural, trae consigo unha grande satisfacción xa que nel se recollen as preto de duascenas fotografías que participaron na última edición dun certame que se configura coma unha das actividades culturais máis consolidadas e con maior éxito que se veñen desenvolvendo na cidade de Lugo.

As 65 imaxes que conforman esta publicación, resultado dunha xornada enteira dedicada á fotografía, son obra das 63 persoas que se presentaron a concurso este ano, o que evidencia un grande éxito a nivel participativo; un éxito que se ve completado pola alta calidade dos traballos presentados do que é boa proba este catálogo.

Como delegado de Cultura da Deputación de Lugo é un orgullo formar parte deste proxecto que ofrece unha oportunidade, tanto para profesionais como afeccionados da fotografía de dentro e fóra da comunidade universitaria, achegarnos os seus traballos, amosándonos, desde distintas perspectivas, aspectos singulares da vida na cidade.

Só me queda dar os meus parabéns a todos aqueles que resultaron premiados nas distintas categorías, así como a todas as persoas que presentaron as súas obras ao concurso e non resultaron galardoadas xa que, aparecer neste catálogo do XIX Maratón Fotográfico do Campus é, de por si, un verdadeiro premio. Tamén me gustaría agradecer o labor do xurado, así como a toda a xente que puxo o seu traballo na organización do certame, na elaboración deste catálogo e na montaxe da exposición.

Mario Outeiro Iglesias

Deputado da Área de Cultura e Turismo

O importante non é que o Maratón Fotográfico vaia pola décimo novena edición, nin que cada ano supere ao anterior en número de participantes: o verdadeiramente importante é que cada nova convocatoria mellore á anterior na calidade dos traballos presentados. Nun concurso coma este, búscase máis a creatividade e a frescura que o virtuosismo técnico. Este ano –no que casualmente todos os premios resultaron ser fotografías en branco e negro–, o nivel das obras premiadas, nalgúns casos, alcanzou a suma deses dous elementos: imaxinación e boa resolución técnica.

Non é doado enfrontarse nun prazo tan curto de tempo, vinte e catro horas, a uns temas descoñecidos ata o inicio da xornada fotográfica e neste sentido temos que recoñecer que os mozos participantes o resolven con éxito e mesmo nalgunhas ocasións conseguen sorprender.

A realización do Maratón Fotográfico é posible grazas á colaboración de Universidade, Deputación Provincial e Concello de Lugo, as tres institucións que a través do convenio Lugo Cultural realizan un importante labor na nosa provincia.

Eduardo Ochoa



PARTICIPANTES NO DEZANOVE MARATÓN FOTOGRÁFICO DO CAMPUS

Fotografía: Ignacio Rodríguez



PREMIO CARLOS VALCÁRCEL

á mellor colección a **Roberto Mouriz Lamas** por:

Construíndo futuro

Tempo de lecer

Splash!!





ROBERTO MOURIZ LAMAS
Construíndo futuro

Accésit xurado:
Tema A UNIVERSIDADE EN LUGO



ROBERTO MOURIZ LAMAS
Tempo de lecer

Tema O SAN FROILÁN



ROBERTO MOURIZ LAMAS
Splash!!

Tema LIBRE



Tema: A UNIVERSIDADE EN LUGO

premio a **Ivo Manuel Teixeira Alves** por

A clave

accésit xurado a **Roberto Mouriz Lamas** por

Construíndo futuro





IVO MANUEL TEIXEIRA ALVES
Obra premiada: *A clave*

Se Lugo fose un cadeado, a clave que o abre ao mundo é a Universidade



SIRA MERCÉ ÁLVAREZ FERNÁNDEZ
Un dos berces do saber




ÁLVARO ARGIBAY ESPERÓN



ADRIÁN CANOURA SÁNCHEZ

A árbore do coñecemento

*Ao longo do seu camiño, novas xeracións vai
formando. Dará froitos cada ano e será un froito
bo para escoller*



MIGUEL COSTA MOURE
Andares do saber



OMAR FEIJÓO GUERRERO
De camiño

Os estudantes deben camiñar



JAIME FUENTETAJA OLMOS
Ollos de Fénix

Ollos de auga, mente de elefante



JESÚS GONZÁLEZ LÓPEZ
Adiante



PATRICIA GONZÁLEZ LÓPEZ
Formando parte da tribo



PATRICK GONZÁLEZ POYÁN
Coas sabas pegadas



VALERIA GONZÁLEZ SAAVEDRA
Facultade de Maxisterio de noite

MICHA GRACIANNA DEVI
Tractor de xogete inspirando a futuros líderes

Ti, eu, nós necesitamos agricultura para proporcionar alimentos para a sostibilidade das nosas vidas. A USC pode facer posible isto





JULIO DIEGO LEIRA SANMARTÍN
Lugo non vive sen a ciencia




LEDICIA LÓPEZ RODRÍGUEZ
Compaxinando intereses

*Unha característica distinta da vida universitaria en
Lugo é que o curso comeza cunha gran festa*



ALEJANDRO NOVOA SOUTO
Crecendo



NURIA PAMPÍN REY
Está aquí

*Onde as linguas morren, a historia comeza e alguén
pregunta qué foi da nai do coñecemento*



SARA PEDREIRA GIL
Pasaxe á ciencia

*A natureza combínase con algo novo
deixando paso á Facultade de Veterinaria*



BEGOÑA PÉREZ LÓPEZ
Carreira de ardor



LUCÍA PERNAS GONZÁLEZ
O poder da ciencia



EVA POMBO PARADA
Valgada universitaria

Os anos ensinan moitas cousas que os días xamais chegarán a coñecer



M^a SABELA RODRÍGUEZ CAMPO
IVC

*Sentíamos desacougo por non poder ir á
Universidade e ela, acougada, agardaba por nós*



DIEGO RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ
(Lugo, 1981)
Pasas pero permanece en ti



SUSANA ROMAY CORREDORIA
Edificios CACTUS, aulas EPS, hortos



PAULA VIZCAÍNO RUÍZ
Ao final do círculo

*A través dunha botella de cervexa rota, vemos o
anfiteatro e Empresariais de fondo*



Tema: O SAN FROILÁN

premio a **Óscar Abelleira Ferreirós** por
Movemento



ÓSCAR ABELLEIRA FERREIRÓS
Obra premiada: *Movemento*

Cando a nora comeza a xirar é o comezo das festas do San Froilán





ALEJANDRA ABUÍN SIXTO
Centrémonos na orixe

*O San Froilán, unha festa que une tradición,
festa e boa gastronomía*



JOSÉ PERFECTO ALONSO CANDIA
Atraccións nocturnas

Un dos clásicos das nosas festas



JOSÉ ANTONIO AYÁN RODRÍGUEZ
Grandes recordos


*Desde pequeno asocio a nora co
San Froilán e tráeme boas lembranzas*



CANDELA CARROCEDA GARCÍA-BOBADILLA
Xoguetes do aire

JOSÉ ANTONIO CARTELLE CUDILLEIRO
San Froilán spirit

Unha icona das festas de San Froilán, a nora, vista ao solpor





MIQUELA CINTES SASTRE
Cálido San Froilán



BEATRIZ DE MIGUEL VEDIA
Octopus to the party

BRENDA DÍAZ LÓPEZ
A ritmo do San Froilán





MARÍA LUISA FERNÁNDEZ MOSCOSO
O San Froilán aos nosos pés



CARMEN SABELA FONSECA GARCÍA
Noite e luces

O solpor no San Froilán deixa rúas cheas de cores



ARANCHA GARCÍA FERNÁNDEZ
Biblioteca do polbo

*O noso polbo só necesita dun prato de madeira,
aceite, sal e pemento doce ou picante*



ISABEL GONZÁLEZ GONZÁLEZ
Coraxe

*Todos camiñamos xuntos en idéntica viaxe polos
mesmos carreiros con distinta equipaxe*



ALEJANDRO PINO FERNÁNDEZ
Eclipse de "Sun" Froilán

A luz das nosas festas oculta os astros



ÁNGEL FRANCISCO PIÑEIRO ÁLVAREZ
Nora

O meu primeiro recordo dun San Froilán



JENNIFER RODRÍGUEZ BRAÑA
Barullo

CARLOS ALBERTO RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ
San Froilán

O billete da vida súbete a unha nora e esta xira sen parar.
Nanni Moretti (1953-actualidade)





DIEGO RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ
(Lugo, 1989)
Cada segundo conta



FRANCISCO JAVIER ROMERO RODRÍGUEZ



XOSÉ VALCÁRCEL SÁNCHEZ
O outro San Froilán

*Detrás das grandes festas hai
moitas historias dramáticas*



Tema: LIBRE

premio a **Víctor Caballero Moja** por

A vida pasa

accésit xurado a **Iago Anello Fórneas** por

O vixía





VÍCTOR CABALLERO MOJA
Obra premiada: *A vida pasa*

*A vida pasa, pero a xuventude
sempre se levará dentro*



IAGO ANELLO FÓRNEAS
Accésit xurado: *O vixía*



JOSÉ LUIS CARBALLO VÁZQUEZ
Á carón da lúa

Expedición e billete á lúa



RAMÓN DE LA SOTA SÁNDEZ
Pompas na rúa



MANUEL FERRADÁS BAUTISTA
A soidade das traseiras

*Algunhas partes da cidade parecen compoñerse
con paisaxes esquecidas na memoria*



M^a VANESA GARCÍA VILLARES
Coas miñas mans

Pegadas de tempo e terra



M^a DEL PILAR GONZÁLEZ VARELA
Soidade outonal



MARTA GUIMAREY ESPÍÑO
A nova imaxe da ponte romana




CRISTINA IGLESIAS RODRÍGUEZ
Andomiño



RAQUEL LAMAS SANTOS
Movemento na case noite



GEMA LÓPEZ GONZÁLEZ
Debuxos na herba



PATRICIA LÓPEZ SEIJAS
Retrato



SANDRA MARÍA NEIRA TOURÓN
A maxia do cotián



ALEJANDRO REAL NOVO
Camposanto cheo de vida

As pedras que dividen os terreos érguense neste campo simulando as sepulturas dun cemiterio



NANCY AMANDA RIVERA MUÑOZ
Outubro en Lugo

*A beleza dun sol que agarima un outono
que non acaba de chegar*




ÓSCAR JOSÉ RODRÍGUEZ LÓPEZ
As sentinelas da cidade

*Vixiando día e noite, están estas
centenarias torres a Lucus Augusti*



PAULA SÁNCHEZ FERNÁNDEZ
Soidade

*Cando a lúa aparece e o sol nos mares se
esconde, todo é silencio nos campos, todo
na ribeira dorme. Rosalía de Castro*



VANESSA YEBRA VERDES

Como xa dixo alguén antes: "Hai tantas formas de mirar coma ollos hai no mundo"

